

CONDICIÓNS XERAIS DAS ACTIVIDADES OFERTADAS POLA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIIS

Os Centros Socioculturais de Santiago ofertan unha diversidade de actividades, en distintos horarios e para públicos diferenciados ao longo do ano.

A organización destas accións son competencia dos Centros Socioculturais do Concello de Santiago seguindo normativa interna.

Estas condicións de participación son exclusivas das actividades organizadas polo Concello de Santiago.

SERVIZOS OFERTADOS

- Programas de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, adaptado a diverso públicos e ofertados en cada espazo.
- Horario de mañá e de tarde, de modo xeral de luns a sábado.
- Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre, especialistas en novas tecnoloxías, lectura, xogo e distintas materias que estean contidas nas programación.
- O departamento de centros socioculturais será o encargado de establecer o número de grupos e alumnos por actividade podendo cancelar a actividade proposta, de non acadar o número mínimo de participación.

PARTICIPANTES

Poden solicitar praza nas actividades ofertadas as persoas maiores de idade e menores con autorización, que cumpran os requisitos de participación de cada actividade, tendo prioridade as persoas empadroadas no Concello de Santiago.

As persoas participantes poderán solicitar, de non indicarse o contrario, prazas para distintas actividades da rede de CSC.

Aquelas persoas, que cumprindo cos requisitos de cada convocatoria, poidan ter necesidades especiais que por razón da súa diversidade funcional precisen apoio, deberán vir acompañadas da persoa que poda atender as súas necesidades, previa comunicación ao Dpto.

SOLICITUDES E FORMA DE PRESENTACIÓN

- Procedemento xeral: As persoas que presenten unha solicitude de praza, deben utilizar o formulario CC002 de inscrición nas actividades dos Centros Socioculturais (poderá descargarse na páxina web do concello www.santiagodecompostela.gal) e presentala no prazo indicado, mediante a sede electrónica do Concello de Santiago ou en persoa nos CSC. Para o apuntamento nas actividades dos CSC Rurais poderán enviar o formulario CC002 ao seguinte correo ccpreinscricions@santiagodecompostela.gal, o que non exixe de presentalo, dentro do prazo de preinscrición, ben presencialmente ou ben telematicamente.

Nas actividades infantís, no caso de varios irmáns/irmás cada un cubrirá unha solicitude. Deberase incluír en cada solicitude no recadro *Nome e apelido dos familiares participantes* o nome do irmán/irmá ou irmáns/irmás que tamén soliciten praza no mesmo espazo.

PRAZOS

Os prazos en cada campaña serán publicados con suficiente antelación tanto na páxina web do Concello de Santiago como nos propios Centros Socioculturais e nos folletos informativos.

As persoas interesadas deberán asegurarse no momento de exposición dos listados dos posibles erros nos datos ou na recepción da solicitude. A comunicación de erros deberá efectuarse no centro onde se realice a actividade por teléfono ou en persoa como data límite ata o día antes do sinalado para a realización do sorteo. Unha vez transcorrido ese día non procederá reclamación ningunha.

As prazas resultantes estarán expostas en cada CSC ou nos teléfonos e correo electrónicos habilitados a tal efecto.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

A adxudicación pode ser directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles ou por sorteo, por medios informáticos, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles.

O sorteo será público e estarán presentes, alo menos, dúas persoas do departamento de centros socioculturais. A data e hora será exposta nos CSC. Mediante este sorteo

cubriranse as prazas. Así mesmo dará lugar a unha lista de agarda para cada unha das actividades.

O resultado do sorteo estará dispoñible en cada CSC ou nos teléfonos e correo electrónico habilitados a tal efecto.

A renuncia da praza deberá ser comunicada ao departamento por escrito, cumprimentando e entregando a solicitude CC003.

En virtude da protección de datos, as persoas admitidas virán identificadas co nome e as iniciais dos apelidos, procederase do mesmo xeito coas persoas admitidas en lista de agarda.

As persoas interesadas deberán solicitar praza para cada curso sociocultural de outubro a xuño, non habendo reserva de praza dun curso sociocultural ao seguinte (agás nas actividades que indiquen o contrario). Nas actividades de continuidade dentro do curso de outubro a xuño, deberase confirmar a participación trimestralmente.

Cada CSC poderá reservar o 10% das prazas para persoas en risco. A necesidade de reserva das prazas será valorada pola persoa responsable municipal do Dpto. xunto coa entidade que as derive.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR AS PERSOAS SELECCIONADAS

A entregar por todas as persoas admitidas:

- Ficha de participación.
- Xustificante de pagamento (nas actividades de pago).

De ser o caso tamén:

- Informe de servizos sociais.
- Documentación acreditativa da custodia da persoa solicitante.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DAS LISTAS DE AGARDA

A adxudicación de prazas da lista de agarda farase mediante 3 chamadas telefónicas ao número indicado na solicitude, no cadro referente ao solicitante. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na lista de agarda.

As persoas adxudicadas da lista de agarda contarán cun máximo de 2 días hábiles para entregar a documentación necesaria, de non facelo serán dadas de baixa e a praza será ofertada á seguinte da lista.

PREZOS E NORMAS DE PAGAMENTO

Os prezos de aplicación para cada actividade aparecerán detallados na publicación do programa, serán fixados polos órganos competentes do Concello de Santiago.

As persoas admitidas deberán acreditar o pago da cota antes do comezo da actividade, presentando o xustificante bancario.

O pago realízase como norma xeral, a través da sede electrónica do Concello seguindo o procedemento de autoliquidación. O pago ten que realizarse con identificación dixital da persoa que o realiza. De ser distinta persoa a que paga e a inscrita na actividade (no caso de menores ou representantes) deberá indicarse no apartado destinado ao número de expediente, o nome da persoa inscrita.

Solicita nos CSC unha guía coas instrucións para realizar o pago.

As persoas admitidas nas actividades de pago, comprométense a formalizar o pago dentro do prazo establecido e a presentar o xustificante bancario no momento de incorporarse á actividade, sendo coñecedoras da normativa que rexe os pagos nas actividades dos CSC.

Contéplase a exención do pago da taxa para persoas participantes con informe de servizos sociais.

DEVOLUCIÓN DE COTAS

Se unha vez obtida a praza e aboada a persoa interesada non puidera participar, deberá comunicalo ao departamento e realizar un trámite na sede electrónica. Soamente se tería dereito á devolución da cota nos seguintes casos:

- Anulación da actividade por parte da organización.
- Renuncia á praza comunicada por escrito ao departamento sendo a causa unha forza maior (hospitalización ou causa médica grave, falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata 2º grao)

Como proceder para solicitar a devolución: presentando a documentación necesaria na sede electrónica municipal (www.santiagodecompostela.gal) no trámite “Devolución de ingresos” xunto con:

- Solicitud cuberta TE005
- DNI
- Documentación acreditativa da titularidade da conta
- Xustificante do ingreso que se realizou
- Pequeno texto no que explique por que se solicita a devolución

OBRIGAS DAS PERSONAS ADXUDICATARIAS

As persoas adxudicatarias das prazas estarán obrigadas:

1. A presentar no momento de incorporarse á actividade o xustificante do pagamento, como condición para o acceso a aula, taller ou grupo.
2. A asistir á actividade no horario escollido e sempre antes do comezo da actividade. Agás necesidade expresa e avisando con antelación en portería do centro
2. A respectar as normas establecidas polos equipos de animación e as de réxime interno de cada CSC. Poderán ser expulsadas da actividade as persoas participantes que non respecten as citadas normas e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia e o desenvolvemento das actividades.

O incumprimento dos requisitos sinalados para todas as persoas solicitantes impedirá a súa participación nas actividades.

PERDA DA PRAZA

Pode supor a perda da praza sen necesidade de ser avisado nos seguintes casos:

- Non efectuar o pago
- Ausencia sen xustificar e sen avisar no curso de 3 sesións seguidas
- Participante que de forma sistemática xustifica a non asistencia a clase.
- A non confirmación da praza no momento de renovación da inscrición.
- Faltas graves que atenten ao cumprimento das normas xerais do centro: falta de respecto aos dereitos das persoas, maltrato de palabra e/ou obra aos usuarios ou persoal ao servizo do centro, subtracción de calquera clase de obxecto ou material do centro e negligencia na utilización do equipamento e material do centro.